

POSICIONAMENTO DO CLAUSTRO SOBRE AS BASES PARA A ELABORACIÓN DO DECRETO DE PLURILINGÜISMO

O Claustro do CPI de Maside, en relación ao texto que contén as bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, presentadas o 30 de decembro de 2009 quere manifestar o seguinte:

1. Supón unha agresión ao galego xa que resta os seus usos no ensino obviando: a realidade sociolingüística de Galicia, na que existen dúas linguas en clara desigualdade; a obriga do propio goberno, que incumpre así a legalidade tal e como argumenta a Real Academia Galega nos puntos 2 e 3 da Análise da RAG ; a opinión pública, que se ten manifestado de forma masiva en contra desta política lingüística e criterios pedagóxicos.
2. Restrinxe os usos do galego no ensino ao reducir a súa presenza ao 33% das materias en Primaria e ESO e supor a práctica desaparición do galego en Infantil. A súa aplicación imposibilitaría, por tanto, que o alumnado acadase competencia activa en galego. É tamén a 1ª vez que as leis educativas establecen un máximo para o uso do galego
3. Esta restrición do uso do galego xustifícase nas Bases coa impartición dun terzo das materias en lingua(s) estranxeira(s), principalmente inglés. Á parte de non explicitar como se vai aplicar no curso 2010-2011, non contemplar o alumnado con necesidades educativas,... sobreenténdese desta medida que a sociedade galega debe sacrificar a lingua propia en favor dunha lingua universal.
4. A administración fai deixación das súas funcións ao establecer que a opinión das familias sobre en que lingua se deben impartir determinadas materias ou debe aprender o alumnado a ler sexa vinculante. Esta suposta “liberdade” crearía ademais conflitos e claras desigualdades.
5. Estas Bases derrogan o Decreto 194/2007 do uso do galego no ensino sen que fosen avaliados os resultados da súa aplicación e xustifican esta decisión nos resultados da “consulta ás familias sobre o uso das linguas no ensino”. O rexeitamento do Claustro deste centro a esta consulta foi unánime e argumentado nunha reunión extraordinaria realizada o día 17 de xuño de 2009 Alén diso, a promesa de derogación do devandito decreto é anterior á realización da tal consulta.
6. Existen, ademais, outros aspectos nos que estas bases supoñen unha marxinalización para o galego: o uso do galego na administración queda supeditado a un uso voluntarista, o alumnado estranxeiro poderá solicitar a exención da cualificación na materia de lingua galega, pero non así na de castelán; as familias pasarán a formar parte dos EDL , pero non así doutros Departamentos, desaparece o termo de normalización en todo o texto,...

En conclusión, as bases para a elaboración deste decreto supoñen unha restrición do uso do galego no ensino xustificada na busca do plurilingüismo e na falsa liberdade das familias e supoñen, deste modo, unha agresión á nosa lingua que vén precisamente daqueles que teñen a obriga de protexela.

Por todo o anterior rexeitamos estas bases e esperamos que non se desoian as masivas críticas que leva suscitado e se corrixan as numerosas eivas do texto presentado o día 30 de decembro.

Notas:

- (1) Análise da Real Academia Galega das Bases para o decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, 16 de xaneiro de 2010.
- (2) Nos anteriores textos legais establecíase un mínimo para o uso do galego.
- (3) Ver argumentación no punto 6 de Análise da Real Academia Galega das Bases para o decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, 16 de xaneiro de 2010.
- (4) Equipos de dinamización da lingua galega (denominados no anteriores decretos equipos de normalización e dinamización lingüística).